

## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

**O Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, núm. 47855 (10/PNC-003872)**, “Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos concellos declarados municipios turísticos e os xeodestinos de Galicia, así como o importe máximo da axuda por entidade beneficiaria”, incluída na orde do día da sesión da Comisión 6.<sup>a</sup> do día 2 de outubro de 2019.

### **Emenda de engádegas:**

Débase engadir na parte resolutiva, un punto co seguinte texto:

“3º.- Recoméndase aos Concellos que a xestión e as actividades destinatarias das subvencións deberían ser decididas de maneira participativa nos Concellos coa participación de asociacións veciñais, culturais, sociais e deportivas, empresas turísticas e as representacións sindicais na zona dos traballadores do sector turístico.”

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. Mixto





**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 01/10/2019 16:38:04**

**Luis Villares Naveira na data 01/10/2019 16:38:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia con número de rexistro **8289(10/PNC-000871)**, sobre o inicio pola Axencia de Turismo de Galicia das xestións necesarias para o desenvolvemento dun estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en Galicia, que figura na orde do día da Comisión 6ª, prevista para o vindeiro 6 de febreiro de 2020.

### Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a establecer unha colaboración coas universidades galegas e o CES de cara a elaborar un completo estudo sobre o impacto socioeconómico do Camiño de Santiago en todo o territorio galego e con especial atención ás zonas con risco de sobreexplotación. Dito informe debaterase no Parlamento Galego para contar coas propostas de resolución que poidan presentar os grupos con representación.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2020 13:34:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2020 13:34:36**



## Á MESA DA COMISIÓN 6.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 61424 (10/PNC-004882), do Grupo Común da Esquerda, sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para facilitar o mantemento dos postos de traballo na factoría de Coirós, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o 6 de febreiro de 2020.

### Emenda de Adición

Débese engadir un novo punto á parte resolutiva:

3. Buscar activamente un inversor que garanta un proxecto industrial de futuro para a comarca que contemple o potencial da empresa como produtor eólico.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Vicevoceira do G.P. Grupo Común da Esquerda.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 05/02/2020 17:34:14**

